

MÁSTER UNIVERSITARIO EN FILOSOFÍA. COÑECIMENTO E
CIDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2025-2026

O CONCEPTO ANTROPOLÓXICO
DE CULTURA E A DIVERSIDADE
CULTURAL

1. INFORMACIÓN BÁSICA

DESCRICIÓN

A materia co código P5251103 forma parte do Máster Universitario en Filosofía Coñecemento e Cidadanía, do primeiro Módulo de materias Obrigatorias impartido no primeiro semestre. É unha materia de 3 créditos ECTS. Depende do Departamento de Filosofía e Antropoloxía e impárteo profesorado da área de Antropoloxía Social.

PRERREQUISITOS

Non require necesariamente dunha formación previa, aínda que son de utilidade os coñecementos adquiridos nas outras materias obrigatorias do máster así como a formación en materias de Antropoloxía Social e Cultural.

IMPARTICIÓN

Será impartida principalmente en lingua castelá e galega. De haber estudantes que teñan dificultades co idioma, recibirán explicacións a maiores para unha comprensión adecuada dos contidos durante o horario de titorías. Con todo, para poder garantir a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe, o alumnado deberá ter competencia lingüística suficiente para poder seguir o desenvolvemento das aulas e demostralo de xeito oral e escrito.

TITORÍAS

Os horarios de titorías indicaranse ao inicio do curso.

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

BLOQUE FORMATIVO NO QUE INTEGRA A MATERIA

A materia forma parte do módulo común e obrigatorio do Máster Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía. A área de antropoloxía social imparte ademais *Patrimonio*

cultural e identidade, unha materia optativa do itinerario de Cidadanía e Globalización, e *O método etnográfico*. *O seu uso en humanidades e ciencias sociais*, materia optativa Xeral.

PAPEL DA MATERIA DENTRO DO BLOQUE

A antropoloxía como ciencia social orientase á análise crítica da diversidade cultural. A materia *O concepto antropológico de cultura e a diversidade* supón unha aproximación a dous dos conceptos fundamentais da disciplina antropolóxica dende o comezo dos seus estudos: a cultura e diversidade cultural. A través dun percorrido xenealóxico polos distintos paradigmas da disciplina antropolóxica analizaremos dun xeito crítico os conceptos de civilización, raza e cultura ata chegar aos interrogantes, debates e problemáticas emerxentes na actualidade ao redor da cultura.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

- Coñecer e afondar nas distintas interpretacións antropológicas da cultura e as principais achegas teóricas e conceptuais da disciplina antropolóxica.
- Achegarse a algúns dos interrogantes actuais da cultura: globalización/localización, apropiación cultural, comercialización, interculturalidade, turistificación, xentrificación, dereitos culturais, etc.
- Adquirir competencias para analizar e xestionar conflitos entre dereitos culturais e relativismo cultural.
- Adquirir destrezas para aplicar as competencias adquiridas á análise de casos concretos e conflitos existentes en contextos de diversidade cultural.

4. COMPETENCIAS

COMPETENCIAS BÁSICAS

CB6 - Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.

CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.

CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos

CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.

CB10 - Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

COMPETENCIAS XERAIS

CG1 - Que os estudantes adquiran capacidades e coñecementos para a análise crítica en relación a achegas investigadoras.

CG2 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos que adquiran para identificar, formular e resolver problemas dos nosos tempos.

CG3 - Que os estudantes sexan capaces de transmitir coñecementos, ideas orixinais e solucións propostas.

CG4 - Que os estudantes estean capacitados para unha dinámica de reflexión con actitude proactiva e creativa na procura de solucións.

CG5 - Que os estudantes teñan habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestións e problemas susceptibles de ser abordados e resoltos.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

CT1 - Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación.

CT2 - Manexar e analizar criticamente fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.

CT3 - Valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas

CT4 - Promover o respecto aos dereitos humanos e á diversidade cultural e das persoas, así como desenvolver valores contra as desigualdades de xénero.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

CE1 - Coñecer e comprender formulacións filosóficas relacionadas cos ámbitos temáticos do máster.

CE2 - Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.

CE3 - Adquirir habilidades para a transmisión e ensino de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.

- CE4 - Saber aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de novos problemas.
 CE5 - Ser capaz de: analizar e sintetizar, argumentar lxicamente, formular xuízos, e deliberar conforme a criterios éticos.
 CE6 - Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.
 CE7 - Saber interpretar con criterio crítico medios de expresión como os baseados nas representacións icónicas, plásticas e

5. CONTIDOS

1. Introducción á antropoloxía
2. Civilización-Raza-Cultura: transformacións nos paradigmas antropolóxicos
3. A cultura como praxe
4. Interrogantes e debates actuais no ámbito da cultura

6. METODOLOXÍA DA ENSINANZA

Nas aulas impartidas pódese distinguir os seguintes dous tipos:

1. *Aulas expositivas.* Presentación por parte da docente dos contidos teóricos da materia que complementaranse, exemplificaranse e serán discutidos nas sesións interactivas.
2. *Aulas interactivas.*
 - 2.1. Sesións de seminario interactivo con presentación, análise e comentario das lecturas ou materiais propostos na propia aula, que profundaran en aspectos concretos do temario ou propoñeranse debates.
 - 2.2. Sesións de presentación e análise de borradores dos traballos finais.
3. *Actividade titorial.* Titorizacións para o seguimento dos contidos teóricos e apoio ao desenvolvemento das lecturas e o traballo final, recomendación de bibliografía, resolución de dúbidas e revisión de correccións. Estas funcións realizaranse tamén a través da avaliación formativas dos traballos entregados e os comentarios formativos realizados nas presentacións e postas en común. Programarase 1 titoría grupal en relación á elaboración do traballo final de cara á súa planificación,

organización, recomendacións metodolóxicas, bibliográficas, resolución de dúbidas e supervisión de borradores.

7. SISTEMA DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

1. AVALIACIÓN CONTINUA FORMATIVA

A asistencia e participación nas aulas presenciais expositivas e interactivas é preceptiva nesta materia.

- Participación activa nas aulas presenciais expositivas e interactivas – 10%
- Presentación oral do traballo – 30%
- Traballo final escrito – 60%

Existe a opción de que este traballo escrito sexa común ás materias de formación básicas:

- Cidadanía, Xustiza e Democracia
- O concepto antropolóxico de cultura e da diversidade cultural

Cada alumna/o fará un traballo (entre 10-12 páxinas, 1,5 espazo interlineal e letra 12 TNR) en relación cos contidos traballados durante o curso en ambas materias. En función da súa orientación fundamental, o traballo será avaliado por unha das dúas responsables das materias (aínda que a docente da outra materia sempre terá que estar informada por cada alumna/o do traballo que vai facer e de a quen llo entrega para avaliar). A nota deste traballo terase en conta nas dúas materias.

Segundo os Estatutos da Universidade, no seu artigo 130.2, o estudantado ten o deber da “asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente”. O Regulamento de asistencia a clase nas ensinanzas oficiais de grao e máster da Universidade de Santiago de Compostela establece que a

asistencia é un dereito e un deber do alumnado.

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/verAnuncioPublicable/135279/carga.htm>

Nesta materia establécese que a asistencia é preceptiva nun 80% das sesións. Por tanto, a ausencia sen xustificar de máis de 3 sesións, interactivas ou expositivas, supón a perda do dereito á avaliación en primeira convocatoria.

En segunda convocatoria pasará a ser avaliada segundo a modalidade de dispensa de asistencia. Presentación do traballo 30% e Traballo escrito 70%.

2. AVALIACIÓN DE ALUMNOS CON DISPENSA DA SÚA ASISTENCIA.

O alumnado que teña concedida a dispensa de asistencia a clase terá que informar á docente, e poderá acollerse ao seguinte sistema de avaliación:

- Presentación oral do traballo – 30%
- Traballo escrito -70%

Os contidos desta materia e a estratexia de ensinanza-aprendizaxe contribúen a acadar as seguintes competencias propias desta titulación:

- A participación nos debates, lecturas e presentacións orais do traballo permitirá acadar as competencias básicas CB6, CB7, CB8, CB9, CB10, as competencias xerais CG1, CG2, CB3, CG4, CG5, as competencias transversais CT1, CT2, CT3 e CT4 e as competencias específicas CE1, CE2, CE3, CE4, CE5, CE6 e CE7.
- O traballo final escrito permitirá acadar as competencias básicas CB6, CB7, CB8, CB10, as competencias xerais CG1, CG2, CG3, CG4, CG5, as transversais CT1, CT2 y CT3, CT4 e as competencias específicas CE1, CE2, CE4, CE5, CE6, CE7.

8. TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

O tempo de traballo estimado para esta materia en correspondencia cos 3 créditos que ten é de 75 horas:

Horas presenciais: 24h.

Clases Expositivas 9h.

Clase Interactiva 12 h.

Horas de Tutorías 3h.

Horas non presenciais de traballo autónomo do alumnado: 51h.

9. BIBLIOGRAFÍA

LECTURAS BÁSICAS:

Boas, Franz (1966) Race, language and culture. NY: FreePress.

Benedict, Ruth y Weltfish, Gene (1971) The races of mankind. Public affairs pamphlets.

<https://archive.org/details/TheRacesOfMankind>

Malinowski, Bronislaw (1981) Una teoría científica de la cultura. Barcelona: edhasa.

Lévi-Strauss, Claude (1993) Raza y cultura. Raza e historia. Madrid: Cátedra.

Geertz, Clifford (2003) La interpretación de las culturas. BCN: Gedisa.

Díaz de Rada, Ángel (2010) Cultura, antropología y otras tonterías. Madrid: Trotta.

LECTURAS COMPLEMENTARIAS:

Abu-Lughod, Lila (1991) "Writing against culture" en R. Fox (ed.) Recapturing Anthropology: Working in the Present. Santa Fe: School of American Research Advanced Seminar Series.

Bauman, Zygmunt (2008) Múltiples culturas, una sola humanidad. Madrid: Katz.

Bauman, Zygmunt (2002) La cultura como praxis. Buenos Aires: Paidós.

Benedict, Ruth (1971) El hombre y la cultura: investigaciones sobre los orígenes de la civilización contemporánea. BCN: Edhasa.

Benhabib, Seyla (2006) Las reivindicaciones de la cultura: igualdad y diversidad en la era global. Buenos Aires: Katz.

Bhabha, Homi (1994) El lugar de la cultura. Buenos Aires: Manantial.

- Boas, Franz (1990) *Cuestiones fundamentales de Antropología Cultural*. BCN: Círculo de lectores.
- Bohannan, Paul (1996) *Para raros nosotros*. Madrid: Akal.
- Bohannan, Laura (2010) “Shakespeare en la selva” en H. Velasco (ed.) *Lecturas de Antropología Social y Cultural. La cultura y las Culturas*. Madrid: UNED. Pp. 83-95
- Bourdieu, Pierre (1987) “Los tres estados del capital cultural”. *Sociológica*, 2.
- Comaroff, John L.; Comaroff, Jean (2011) *Etnicidad S.A.* Madrid: Katz.
- Eagleton, Terry (2017) *Cultura*. BCN: Taurus.
- D’Eramo, Marco (2014) “Unescocidio”. *New left review*, 88:52-59.
- Evans-Pritchard, Edward E. (1957) *Antropología Social*. Buenos Aires: Nueva Visión.
- Evans-Pritchard, Edward E. (1987) *Historia del pensamiento antropológico*. Madrid: Cátedra.
- Fraser, Nancy (2007) “Feminist Politics in the Age of Recognition: A Two-Dimensional Approach to Gender Justice”. *Studies in Social Justice*, 1: 23-35.
- García Canclini, Nestor (1995) *Consumidores y ciudadanos. Conflictos multiculturales de la globalización*. México: Grijalbo.
- Geertz, Clifford (2003) *La interpretación de las culturas*. BCN: Gedisa.
- Geertz, Clifford (2002) *Reflexiones antropológicas sobre temas filosóficos*. BCN: Paidós.
- Goodenough, Ward H. (1975 [1971]) “Cultura, lenguaje y sociedad” en J.S. Kahn (ed.) *El concepto de cultura textos fundamentales*. BCN: Anagrama.
- Grosfoguel, Ramón (2007b) “The epistemic decolonial turn. Beyond political-economy paradigms”. *Cultural Studies*, 21: 211-223. 10.1080/09502380601162514
- Grosfoguel, Ramón (2013) «Racismo/sexismo epistémico, universidades occidentalizadas y los cuatro genocidios/epistemicidios del largo siglo XVI». *Tabula Rasa*: 31-58.
- Harris, Marvin (2009) *Antropología cultural*. Madrid: Alianza.
- Harris, Marvin (2008) *El desarrollo de la teoría antropológica: historia de las teorías de la cultura*. Madrid: S.XXI.
- Hobsbawm, Eric y Ranger, Terence (eds.) (1983) *The invention of tradition*, Cambridge: Cambridge University Press.

- Kessing, Roger (2010) “Teorías de la cultura” en H. Velasco (ed.) *Lecturas de Antropología Social y Cultural. La cultura y las Culturas*. Madrid: UNED. pp. 51-82
- Kirshenblatt-Gimblett, Barbara (1998) *Destination Culture. Tourism, Museums, and Heritage*, Berkeley: University of California Press.
- Kottak, Conrad P. (2011) *Antropología cultural*. México: McGraw-Hill.
- Kroeber, A. L. (1975 [1917]) “Lo superorgánico”, en J.S. Kahn (ed.) *El concepto de cultura textos fundamentales*. BCN: Anagrama
- Kroeber, A. L. (2002) *El estilo y la evolución de la cultura*. Madrid: Guadarrama.
- Leach, Edmund (1971) *Replanteamiento de la Antropología*. Barcelona: Seix Barral.
- Lévi-Strauss, Claude (1995) *Antropología Estructural*. BCN: Paidós
- Linheira, Jorge (2018) *La cultura como reserva india: treinta y seis años de políticas culturales en Galicia*. Ed. Libros.com
- Mariño Ferro, Xose Ramón (2004) *Introducción á antropoloxía*. Galicia: Editorial Cep.
- Miller, Barbara (2011) *Antropología cultural*. Madrid: Pearson Educación.
- Murdock, George (1987) *Cultura y sociedad*. México: FCE.
- Radcliffe-Brown, Alfred R. (1975) *El método de la antropología social*. Barcelona: Anagrama.
- Rosas Mantecón, Ana (1993) *Globalización cultural y antropología*. *Alteridades*, 3 (5): 79-91
- Sahlins, Marshall (2017) *Cultura y razón práctica*. Bcn: Gedisa.
- Tylor, Edward B. (1994) *Primitive culture: researches into the development of mythology, philosophy, religion, art and custom*. London: Routledge.
- White, Leslie (1982) *La ciencia de la cultura. Un estudio sobre el hombre y la civilización*. Buenos Aires: Paidós.
- Wolf, Eric (2000) *La cultura, ¿panacea o problema?* En: Paz Moreno Feliú (ed.) *Entre las gracias y el molino satánico: lecturas de antropología económica*. Madrid: UNED, 19-31.

10. OBSERVACIÓNS

- Para garantir a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe, o alumnado deberá ter competencia lingüística suficiente para poder seguir o desenvolvemento das aulas e demostralo de xeito oral e escrito.
- Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.
- Perspectiva de xénero: Será preciso ter sentido social e compromiso ético coa igualdade e a diversidade. Recoméndase facer uso da linguaxe nonsexista, tanto no traballo cotiá de aula como nos traballos académicos encomendados, segundo as recomendacións da USC.
- Ferramentas tecnolóxicas institucionais: é obrigado o emprego da conta de correo electrónico rai.usc. Esta conta será necesaria para acceder a calquera dos servizos facilitados pola USC (Campus Virtual, Teams, Secretaría Virtual, etc.). Non se contestará ningunha comunicación realizada dende unha conta de correo electrónico aliea á USC.
- Non se poderá empregar o de teléfono móbil, computadora, tablet ou aparello similar, salvo cando se use como instrumento de traballo seguindo as indicacións dadas polo/a docente, responsabilizándose o alumnado das consecuencias legais e académicas que poidan derivarse dun emprego non axeitado.
- Obrigatoriedade do cumprimento da Normativa de protección de datos.
- Os materiais elaborados polo docente están protexidos pola normativa de protección da propiedade intelectual e dereitos de autor de tal xeito que non se poden divulgar ou facer accesibles sen autorización do autor.
- O estudantado con necesidades específicas de apoio educativo e/ou discapacidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Participación e Inclusión Universitaria (SEPIU) e enviar a solicitude de adaptacións a través do formulario dispoñible na web do SEPIU ou na secretaria virtual do alumnado. Máis información no email sepiu.santiago@usc.gal ou nos teléfonos 881 812 859/ 881 812 858